

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión VI**, relativa á persistencia da discriminación dun traballador de Navantia Ferrol.

A denegación a un traballador da factoría Bazán da habilitación persoal de seguridade amosa o grao de paranoia política na que se atopa inmerso o goberno Rajoy.

A resposta do Centro Nacional de Intelixencia, en xullo do 2014, que denega ao traballador a referida habilitación refire como fundamento o apartado 6h da norma NS02 da chamada Autoridade Nacional de Seguridade Delegada onde formula que "os investigados demostraron de obra ou palabra falta de honradez, deslealdade, falta de fiabilidade ou indiscreción".

Apartado sexto que sinala que as persoas investigadas o son "en orde a determinar que o grao de risco que se asume finalmente ao habilitalo resulta aceptable para España". Tan altas verbas apenas agochan máis que baixos propósitos.

Logo de presentadas no Congreso diversas iniciativas en defensa dos dereitos deste traballador, a pobre e elusiva resposta do goberno central (184/062744) confirma os peores temores deste grupo parlamentar. O noso grupo entende que esta circunstancia constitúe un feito moi grave, porque dá razón da instauración da política de listas negras de traballadores e traballadoras en razón da súa filiación política e sindical en empresas públicas. Cómpre subliñar que endexamais o traballador obxecto desta discriminación sufriu sanción nin apercibimento algunha por parte da empresa.

Factoría de propiedade estatal pero cunhas raiceiras indeclinablemente galegas Navantia, este grupo reclama unha actuación da Xunta para pór fin a un veto político sen xustificación algunha, toda vez que o traballador ten unha folla de servizos sen tacha e o goberno do Estado nega resposta vencido o tempo previsto no regulamento do Congreso.

Polo antedito, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Vai realizar a Xunta de Galicia algunha xestión conducente a levantar o veto político-sindical que delata a denegación da habilitación persoal de seguridade por parte do CNI a este coñecido traballador e militante político e sindical de Navantia Ferrol?

En Compostela, a 25 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 25/02/2015 14:39:06